

# Festividades do Valadouro

Por Lucía Leal, Vanesa Neves e Daniel Iglesias



Foi tamén no pasado Curso 2008-2009, para a Materia de Ciencias Sociais, cando Lucía, Vanesa e Daniel fixeron este resumo dalgunhas das principais festas que se celebran cada ano no concello do Valadouro: a Cabalgata de Reis, o Mercado Tradicional e o de Primavera, a Concentración de Motos, a Semana do Teatro, a Mostra Folclórica, as Festas do Oito, a Feira do Mel e o Mercado da Castaña. Non as puxeron todas, pois fáltalles, por exemplo, a famosa Rapa das Bestas que se ve na foto do lado, pero fixeron un traballo moi interesante que merece ser coñecido. Por iso o incluimos aquí, neste apartado de Xornalouro dedicado ás investigacións.

## A Cabalgata de Reis

Celébrase o día 5 de Xaneiro pola tarde. Ás 17,00 horas os Reis Magos e os seus paxes saen do local de "Amado Lar" nas súas carrozas e van polas rúas, deixando regalos ós nenos máis pequenos do concello. Tamén van pasando polas igrexas das parroquias do Valadouro. Van dende Ferreira até Vilacampa tirando caramelos á xente que está pola estrada. Ás 18,30 volven para o local de "Amado Lar". Están alí collendo máis caramelos e amañando as súas cousas e as 19,00 horas saen de alí e van por diante da Casa da Cultura, baixan pola costa da piscina, van dar a volta por detrás do CEMAR, baixan toda a vila e soben a costa da Casa do Concello. Alí soben ó balcón que hai arriba en compañía do señor Alcalde. Dende alí o señor Alcalde di unhas palabras e logo os Reis Magos tiran moitos máis caramelos, que, ó chegaren ó chan, collen con moita rapidez os nenos e algúns maiores tamén. Dende a Casa do Concello volven á Casa da Cultura, onde os nenos que se apuntaron para iso recitan uns versos de Nadal en galego. Tamén canta unhas panxoliñas o coro de Ferreira. Alí hai un Belén vivinte, no que unha muller fai de Virxe María, un home ó seu lado fai de San Xosé e os dous teñen un bebé, que é o neno Xesús. Cando todo isto remata, os nenos pequenos van cabo dos Reis Magos a dicirlles o que queren que lles deixen esa noite nas súas casas; a cada un deles os Reis Magos danlles unha bolsa de gomino-las. É un día moi divertido para os nenos pequenos, que esperan con impaciencia esa noite e o día seguinte pola mañá, para

abrir os regalos apresuradamente.

*"Esta festividade está ben para os máis peques da comarca, e para os non tan peques tamén, porque, aínda que saben de sobra que os Reis Magos non son de verdade, van igual coller os caramelos. A min a Cabalgata de Reis só me gusta polos caramelos; polo demais non é que me teña moita graza" (Vanesa).*

*"Esta festa gústame algo, pero o que máis me gusta dela é cando tiran os caramelos (como dixó a miña compañeira Vanesa). Tamén me gusta moito cando van polas casas dos nenos máis pequenos e lles dan algún agasallo (isto é xenerosidade). Da Cabalgata de Ferreira o que non me gusta é que na Casa do Concello, cando o alcalde da algunha charla enrólase moito" (Lucía).*

*"A Cabalgata de Reis xa non vale para min, senón para os nenos pequenos, e por iso a min non me gusta moito. O único bo que ten é que reparten caramelos (como ben dixerón as miñas compañeiras), aínda que non me gusta moito cando chos tiran á cabeza. A ofrenda que fan despois de tirar os caramelos tampouco me gusta. Así que, en resumo, a Cabalgata de Reis a min non me gusta; é mellor para os nenos pequenos" (Daniel).*

## Mercado tradicional

É o mercado semanal. Ten lugar cada sábado, na Praza de Santa María e no parque Concepción Arenal de Ferreira. Neste mercado hai moitas tendas. A maioría delas son de roupa, pero tamén hai tres tendas de zapatos, catro tendas de froita, unha

que vende flores, outra que vende empanadas, unha cantas que venden roupa interior, dúas que veñen ás veces vender bolsos, unha churrería, unha tenda que vende discos, unha carnicería, dúas que venden pan (a da panadería Méndez e outra), unha que vén vender as patacas, outra que vende toallas e outra que vende plantas. Hai todas estas tendas. A estes mercados dos sábados vai bastante xente, aínda que semella que non mercan moito.

*"Esta festa non é das que máis me gustan, porque é un mercado normal e corrente. A min gústame ir os sábados polas mañás dar unha volta para ver se hai roupa que me gusta e a miña nai ma merca, aínda que non é que ma merque sempre, porque hai moitas cousas que me gustan e non me pode mercar todo, que non estamos en época de mercar cousas por capricho" (Vanesa).*

*"Gústame o mercado tradicional porque hai moitas tendas (de roupa sobre todo) onde elixir. Eu vou moitas veces e ás veces merco churros con chocolate" (Lucía).*

*"Eu non vou moito ó mercado tradicional, pero cando vou coa miña nai gústame, porque ás veces me merca roupa e moi barata. Tamén me gusta que haxa unha churrería, porque así merco churros mentres vou polo mercado. Penso que facer o mercado tradicional foi unha boa idea e a min gústame" (Daniel).*

## Mercado de Primavera

Era tradición que en Ferreira do Valadouro se celebrara cada 2 de Febreiro e cada 25 de Marzo un mercado anual, ademais



Dúas fotos nas que se recollen dúas das celebracións máis populares do Valadouro. Na primeira, na da esquerda, unha exhibición durante a Concentración de Motos, que se celebra en Maio. Na segunda, na da dereita, o grupo teatral Raiolas representa unha das súas obras no salón de actos da Casa da Cultura "Manuel Lourenzo", do Valadouro.

dos mercados dos sábados que se viven na capital deste concello cada semana. Este costume foise perdendo co tempo, pero primeiro a A.C.D. Valadouro e agora o Concello recuperárona con enerxía, organizando unha serie de actividades complementarias cada vez que hai o Mercado Anual de Primavera. Ademais das típicas vendas e degustación dos produtos tradicionais, a hostalería da vila ofrece nesa fin de semana unha xornada gastronómica dedicada ó tapeo máis variopinto. Conferencias e coloquios sobre a produción agraria do Val, mostra de artesanía, música de gaitas... son algúns dos moitos actos que se poden ver neste Mercado Tradicional. Como despedida, os visitantes danse cita na praza de Santa María nunha animada verbena, igual que se viña facendo nos tempos pasados, agora revividos. Ese día veñen a Ferreira moitas tendas de roupa e de cousas que poden mercar nenos e maiores. O día anterior á celebración colocan unha carpa na praza de Santa María para que ó día seguinte se poñan alí os que veñen vender, o cal é unha vantaxe cando chove.

*"Non é que me guste moito o Mercado de Primavera, porque veñen as mesmas cousas que ó mercado semanal; aínda que na carpa poñen algo máis, iso que poñen non me gusta (Vanesa)."*

*"O Mercado de Primavera é un dos que menos me gusta porque é igual cós mercados dos sábados (mercado tradicional), aínda que máis grande. O que me gusta deste mercado é que ese día vén unha tenda de pasteis e sempre compro alí, porque os pasteis desa tenda saben moi ben" (Lucía)."*

*"A este mercado non fun moito, polo que non podo opinar moito sobre el. Gústame pouco porque é moi parecido ó mercado tradicional (Daniel)."*

#### Concentración de motos

É unha concentración de motos organizada polo Motoclub do Val D'Ouro, que agrupa a afeccionados dos concellos do Valadouro e Alfóz. Esta festa das motos reúne a afeccionados de Galicia e doutros puntos de España. Celébrase a primeira fin de se-

mana de Maio. Vén moita xente doutros lugares de preto e tamén doutros lugares de non tan preto. Chegan moitos rapaces novos de Burela, Alfóz, Foz, Mondoñedo e moitos outros lugares. O concello do Valadouro contrata a un motorista experto, que fai unha exhibición pola tarde, dende as 18,30 até as 20,00 horas, e outra á noite, dende as 23,00 até as 00,00 horas. Logo poñen unha carpa moi grande diante do matadoiro e dentro dela poñen unha discoteca móbil e un bar, no que dan bebidas gratis e tamén fan a famosa queimada.

O último ano só fixeron unha exhibición pola tarde, na que participaron dous motoristas expertos. Traían dúas motos grandes de estrada, un quad, unha minimoto de estrada e unha minimoto de cross. Todas elas eran amarelas. Fixeron cousas como pinzar as motos grandes de estrada, dar voltas en círculo nas motos grandes, facer derrapes, ir sentados mirando cara a atrás, pinzar o quad, andar en dúas rodas de lado no quad, derrapar co quad, dar voltas en redondo coa minimoto de estrada, deixar ir á moto andando soa e eles correndo ó lado dela, poñer dúas botellas pequenas de auga bastante xuntas e xusto para que collera entre elas unha roda das motos de estrada grandes e pasaron polo medio pinzándoa... As cousas máis impresionantes que fixeron foron rebentar as dúas rodas traseiras das motos grandes; botar gasolina na estrada e despois pasar pinzando coas motos grandes de estrada, tocando coa parte traseira da moto no chan por onde estaba a gasolina e prender lume, lume que logo apagaron pasándolle varias veces por enriba; ir cinco nunha moto, tantos como nun coche...

Pola noite houbo discoteca móbil e viñeron dúas gogós, unha loura e outra morena, acompañadas doutro gogó que era negro. Tamén se venderon rifas coas que se sorteaba un xamón. Veu tamén a tenda dos churros e outra de camisetas, ás que se lle podía poñer o nome que se quixera. E ademais veu unha tenda con chapas, pulseiras, etc.

*"Esta celebración gústame moito, pola*

*mesma razón que Lucía: porque me gustan moito as motos e me gustaría ter unha, aínda que os meus pais non están de acordo en que a teña. Tamén me gusta polas cousas extraordinarias que fan os que realizan a exhibición e, ademais, porque poñen discoteca móbil á noite" (Vanesa).*

*"A Concentración de Motos gústame moito porque me gustan as motos e me gustaría ter unha, aínda que a miña nai non ma quiere mercar" (Lucía).*

*"Para min a Concentración de Motos é a mellor ou unha das mellores festas que se fan en Ferreira, porque o paso moi ben vendo as motos e a exhibición, que está moi ben para os afeccionados ó motor. O que non me gusta é que só haxa un día no que se poden ver as motos, porque no segundo día o que fan é unha ruta en moto, que, por suposto, tamén está moi ben e que a min me gustou moito unha vez que fora co meu curmán na moto. En definitiva, a Concentración de Motos é a segunda festa que máis me gusta, pois a primeira son as Festas do Oito" (Daniel).*

#### Semana do Teatro

A Semana do Teatro celébrase a primeira semana do mes de Setembro. É unha semana consagrada á arte dramática e constitúe unha das convocatorias culturais máis salientables que dan paso ás festas de Ferreira. Nela participan grupos teatrais afeccionados e profesionais que representan no escenario os máis variados estilos. Veñen facer teatro a Ferreira moitos grupos teatrais de preto do noso Val. O que máis lle gusta á xente os anos que vén é "Raiolas". A Semana do Teatro celébrase no salón de actos da Casa da Cultura do Valadouro. Cando hai teatro hai que ir cedo para coller sitio, porque todos os anos se enche a sala e non queda ningunha butaca baleira e o que non é rápido ten que quedarse a ver o teatro de pé.

*"Gústame o teatro. A Semana do Teatro pásao moi ben porque imos de noite ó salón da Casa da Cultura. Algunhas obras gústanme, pero outras non, e se non me gusta a que poñen voume para fóra, que*



**Aquí vemos unha foto do Mercado de Primavera, que se celebra o mesmo día que a ruta das tapas, na que participan os bares e restaurantes de Ferreira.**

*tamén alí se pasa ben" (Vanesa).*

*"O teatro gústame moito, porque río moito, sobre todo co grupo teatral "Raiolas", porque o fan moi ben" (Lucía).*

*"A min paréceme que está ben a Semana do Teatro, se a queres pasar ríndote. Cando me sento nos asentos da Casa da Cultura non paro de rirme, porque a maioría das obras son de risa e son as que máis me gustan. Paréceme unha boa idea para pasar o tempo e pasalo ben" (Daniel).*

#### Mostra folclórica

A mostra folclórica celébrase o primeiro sábado do mes de Setembro. Lévese facendo dende 1985 e está dirixida pola Asociación Cultural "Amado Lar". Esta asociación cultural pretende conservar e fomentar a música e o baile tradicional galego, ademais de establecer relacións e intercambios con outras asociacións culturais de Galicia e do resto de España. Case todos os anos se fai. Poñen un escenario na praza de Santa María e nel bailan todos os grupos. O ano pasado non bailou o grupo de "Amado Lar" porque se desfixo. Case todos os anos veñen grupos de fóra de Galicia; por exemplo, moitos anos veñen de Portugal, de Murcia, etc.

*"Eu non sabía moito deste apartado do baile e, ademais, este tipo de baile non me gusta nada" (Vanesa).*

*"A mostra folclórica gústame porque eu, dende os cinco anos até os doce, fun a baile tradicional galego e actuaba nela. Tamén me gusta polos traxes de baile, que a min me parecen moi bonitos" (Lucía).*

*"Para min é a peor festividade que poden facer, só polo feito de que odio esa música, aínda que á maioría da xente maior gústalle, me parece" (Daniel).*

#### As Festas do Oito

As Festas do Oito celébranse, como o seu propio nome indica, o día 8 de Setembro. Son as festas de Santa María. Duran catro ou cinco días polo menos. Atraen a moita xente, sobre todo á xente nova, que quere divertirse. Veñen case todos os anos os coches eléctricos, dúas colchonetas e unhas camas elásticas para os nenos. Tamén veñen dúas tendas de lambetadas e xoguetes para os nenos. Os días patronais desta fes-

ta son o 8, o 9, o 10 e o 11 de Setembro. Nestes días a patroa de Ferreira, Santa María, sae en procesión. Todos os días hai misa e logo da misa hai procesión. Logo, para os máis novos e para os que non son tan novos, hai sesión vermú, na que as orquestras tocan unhas pezas e a xente báilaas. Durante estes catro días de festa a xente de Ferreira (sobre todo) pásao moi ben. O pub Atalaia énchese de xente, sobre todo de xente nova. Os coches de choque colócanos diante do matadoiro, as orquestras na praza de Santa María, as camas elásticas detrás do bar "O Atallo", as colchonetas ó lado do río e as tendas de lambetadas e xoguetes colócanas diante do banco Banesto. Ás veces nas Festas do Oito fan a Primeira Comunión os nenos de Ferreira. Estes días as mellores orquestras veñen o 8 e o 9; os demais días as orquestras non son tan boas. Os días anteriores a estas festas celébrase a Semana Cultural. É unha das máis concorridas no norte da provincia.

*"Todos os anos vou ás Festas do Oito e pásao moi ben coas miñas amigas e tamén montando con elas nos coches de choque" (Lucía).*

*"A min as Festas do Oito tamén me gustan moito. Todos os anos vou e pásao moi ben coas miñas amigas e cos meus amigos andando por alí e montando nos coches de eléctricos. En poucas palabras, para min esta festa é magnífica" (Vanesa).*

*"Para min as Festas do Oito son as mellores festas que hai en Ferreira, son das que mellor opinión teño. Encántame sobre todo ir pola noite e pasalo ben. É unha mágoa que sexan só unha vez ó ano. Encántame estas festas" (Daniel).*

#### A Feira do mel

É unha das citas con máis tradición da comarca, referida á venda, degustación e outras actividades referidas ó mundo apícola. Esta feira pasou a ser organizada polo Concello do Valadouro dende o ano 2002. O mel é un dos produtos agrícolas máis representativos do Valadouro. A Feira do Mel do Valadouro celébrase o segundo sábado de Outubro e a ela acoden numerosos apicultores da comarca. O mel do noso concello destaca pola súa alta calidade, o que fai que as vendas na feira sexan elevadas.

*"Esta celebración tamén me gusta, pero non tanto como as outras, porque a min o mel non me gusta" (Lucía).*

*"Non é das celebracións que máis me gustan, porque eu do mel non sei case nada e, ademais, a min o mel non me gusta nada. O día que se fai esta Feira eu igual vou a ela, pero só cinco minutíños ou así, porque o que hai alí é todo mel e, como xa dixen, non me gusta nada" (Vanesa).*

*"Esta festividade é unha boa idea para a xente á que lle gusta o mel, como a min. Tamén me gusta moito ir probando as cousas que teñen expostas" (Daniel).*

#### O Mercado da Castaña

Celébrase o segundo sábado de Novembro. É un mercado monográfico dedicado á exaltación do produto da castaña e as súas aplicacións culinarias. Este mercado, que é promovido polo Concello, consta de dúas partes: a primeira, dedicada á exhibición, venda e degustación de receitas baseadas na castaña; a segunda, pola tarde, convértese nun multitudinario magosto ó que se convida a veciños e visitantes. O día anterior a esta pequena festa poñen unha carpa diante do matadoiro por se ó día seguinte chove e así poder celebrar igual o magosto. Dan castañas, pan, chourizos, bacon, queimada e moitas máis cousas.

*"Gústame moito o Mercado da Castaña, porque, ó contrario có mel, as castañas gústame moito. Eu xa sabía máis ou menos como era esta celebración porque todos os anos vou a ela. O que máis me gusta dela é pola noite, cando dan as castañas e tamén hai discoteca móbil" (Vanesa).*

*"A min o magosto de Ferreira non me gusta, porque non é tan grande como o de Alaxe. Tampouco me gusta porque de bebida para os nenos só dan auga" (Lucía).*

*"O Mercado da Castaña tamén me gusta moito porque me gustan as castañas e logo, á noite, sempre estou collendo castañas no recinto que teñen. Tamén me parece boa idea celebrar esta festa" (Daniel).*

#### Conclusión

Gustounos moito facer esta investigación e pareceunos moi adecuado facela porque a nós as festas gústanos moito. En realidade as que nomeamos neste traballo non é que nos gusten moito, pois non son moi divertidas que se diga, a non ser as Festas do Oito. Tamén nos gustou porque puídemos facer a investigación en grupo e porque o tema podía ser o que nos quixeramos, sempre que fora de algo de Valadouro ou de Alfoz. Cada un aportou as súas ideas sobre o que sabía, aínda que algunhas veces discutimos polo que dicía alguén, porque uns dicían que unha cousa era certa e outros dicían que non, até que ó final descubríamos se era verdade ou mentira. Tamén nos pareceu ben facelo porque cada un pode facer o traballo do que máis lle guste. Pensamos que este tipo de traballos debería ser así máis veces, porque desta maneira cada un pode expresar as súas ideas. Os tres desexamos que para o curso que vén haxa traballos así.